

O CAMPO SEMÁNTICO

Definimos **campo semántico** como o conxunto de palabras que partillan un trazo semántico. Así, *batedor, espremedor, lavadora, microondas, neveira, torrador...* pertencen ao mesmo campo semántico porque designan electrodomésticos.

Os vocábulos dun mesmo campo semántico teñen a mesma categoría gramatical, mais non posúen o mesmo lexema.

Alén disto, un mesmo termo pode formar parte de diferentes campos semánticos segundo a realidade á cal se refira. Por exemplo, *laranxa* pertence ao campo semántico das cores, mais tamén ao campo semántico das froitas.

ACTIVIDADES

1. Cal destas series forma un campo semántico? Por que?

empanada	apartamento	coche
pan	cabana	multar
panadaría	casa	semáforo
panadeiro	chalé	tránsito
panciño	choupana	veloz

2. Das palabras do cadro, algunhas están relacionadas co sentido do gusto e outras co sentido do olfacto. Clasifícaaas correctamente.

insípido/a fragrante	fétido/a	salgado/a
eslamiado/a doce	oloroso/a	acedo/a
aromático/a agre	picante	amargo/a
fedorento/a cheiroso/a	pestífero/a	recendente

3. Cada un destes vocábulos pertence a varios campos semánticos. A cales?

radio ♦ rosa ♦ cadro

4. Clasifica os seguintes verbos en dous campos semánticos: amizade e inimizade.

confraternizar	agradar
aborrecer	adorar
detestar	odiar
conxeniar	repugnar
gustar	repeler
Amizade	Inimizade

**5. Os termos embaixo correspóndense co campo semántico dos fenómenos atmosféricos.
Úneos coas súas definicións.**

Furacán	Chuvia miúda.
Neve	Auga que cae das nubes en forma de pinga.
Orballo	Fenómeno atmosférico que se produce cando se dan temperaturas inferiores a cero graos e se conxela a auga.
Sarabia	Auga conxelada que cae das nubes en forma de folerpa.
Tormenta	Tempestade forte caracterizada por un vento moi violento.
Treboada	Chuvia intensa, súbita e normalmente breve, que pode ir acompañada de vento.
Xeada	Perturbación violenta da atmosfera, con vento, chuvia, tronos e lóstregos.
Chuvia	Chuvia en forma de pequenas pedras de xeo.

6. Elabora estes campos semánticos con, como mínimo, cinco vocábulos cada un.

cereais sentimentos utensilios cociña asentos bailes